



O bosque de Ridimoas

Unha esperanza de continuidade biolóxica nas terras altas do Ribeiro

texto, Pablo Rodríguez "Ditabán" / Fotos, Carlos Alvar, V. Diz e Rosa Veiga

O **ecosistema forestal** ourensán, coñecido por Ridimoas (Río de moas) nos concellos de Beade e Leiro, separados polo regato de Caldelas, afluente do Avia, constitúe unha esperanza de continuidade biolóxica para moitas especies de flora e fauna do Ribeiro. O espazo controlado pola asociación cultural e ecolóxica Ridimoas, fundada en 1988 na Universidade Laboral de Ourense, é dunhas 500 hectáreas que sobre o plano catastral amosa un mosaico de máis de mil parcelas de propiedade privada e forma parte dun ecosistema total de máis de 3.000 hectáreas, en cotas que van desde os 85 ós 300 metros sobre o nivel do mar, en zona de transición entre a Rexión Floral Eurosiberiana e Mediterránea, que propicia un clima oceánico-mediterráneo. A pequena superficie das parcelas permite ós membros desta asociación sen fins lucrativos, irs mercando unha a unha para restauralas e devolvelas o seu estado natural na medida do posible co obxectivo final de conseguir o mantemento dun corredor forestal que una o val coa montaña. O proxecto non é doado, pero menos doado era cando naceu o proxecto alá polo ano 1977. Por esta razón, a xunta directiva da asociación non desfalece na teima de mercar anualmente unha hectárea de terreo, de manter o que xa posúe, de eliminar mimosas invasivas, de aumentar o número de asociados, así como de manter e completar o museo de flora e fauna, ademais de atender as visitas escolares e privadas que o bosque recibe ó longo do ano.

20_naturaleza



Raión na paraxe do Valdasmo, aproveitando restos de comida das eguas

Visto desde dentro, a cousa mesmo parece unha misión imposible pois as parcelas mercadas necesitan atención diaria. Isto sábese ben quen isto escribe, como fundador e presidente, e como mestre de profesión que trata de suplir co seu esforzo persoal as carencias que vai detectando. Con todo, a continuidade xeracional parece asegurada na persoa do vicepresidente e bioquímico, David Rodríguez Barra que conta con moi boa aceptación social no concello de Beade (os seus pais son naturais de As Regadas e de Beade) e coñece moi ben a estratexia de mercar parcelas así como as burocracias co catastro e coa Consellería de Medio Ambiente para ir declarando Refuxio de Fauna as novas parcelas adquiridas ou as autorizadas por outros propietarios.

A ASOCIACIÓN

A secretaría da asociación e a páxina web son dous sólidos piares nos que traballan outras tantas persoas altamente cualificadas e con coñecementos superiores en informática, como son: Pilar Raña Vázquez e Ignacio A. Salgado Álvarez, respectivamente; que xunto co tesoureiro: Manuel López Fabello, aseguran de forma rigorosa o control económico e a relación cos socios/as; ata o punto de poder afirmar que Ridimoas é a Asociación galega que máis coída o trato cos seus afillados e simpatizantes. Catro vocais; Carlos Alvar Cerviño, Margarita Seara Pazo, Roi Juan López Muriel e Xosé Manuel Rodríguez Alonso completan a composición da directiva reforzada polo asesoramento desinteresado de biólogos, artistas e xuristas.

Este esforzo humano non se ve, sen embargo, completado polo espacio de traballo, xa que logo, a día de hoxe, as instalacións que serven de sede á asociación, no Instituto de Ensinanza Secundaria "O Ribeiro" de Ribadavia, quedouse pequena. No antigo piso do



Castañas e murgueiro dous dos moitos froitos naturais do bosque



Pavo real e vacaloura



conserxe coexisten oficina e museo, polo que atopar outro local axeitado empeza a ser unha necesidade imperante. As vitrinas con fauna disecada, recollida morta e entregada pola garda civil, policía, gardería de medio ambiente e particulares; xunto co herbario, ocupa a maior parte do local.

No salón de actos, do mesmo centro educativo, ten lugar a Asemblea anual na que se informa a tódolos asociados do estado do ecosistema, futuras adquisicións, memoria económica, etc. Para tal evento editase un boletín informativo que se distribúe por correo ordinario con suficiente antelación, empezando o seu envío polos afiliados doutros países e doutras autonomías do Estado español. A asemblea coidase ata os mínimos detalles para que sexa agradable ós asistentes e que estes poidan coñecerse, intercambiar experiencias, propoñer iniciativas e facer as críticas oportunas que consideren necesarias. Un xantar nun coñecido restaurante de Ribadavia, seguido dunha visita ó bosque da remate a intenso día para os membros da xunta directiva

O principal activo de Ridimoas son, pois, as 1.020 persoas que pagan unha cota anual a partir de dez euros, polo que ser sociopropietario do bosque é fácil e barato; basta con cubrir unha ficha que se pode obter na páxina web www.asociacion-ridimoas.org; ou ben chamando en horario laboral, polas mañás, ó teléfono do Instituto de Ensino Secundario "O Ribeiro", onde lle facilitarán toda a información que precisen.

O BOSQUE

Pero a asociación non tería sentido sen o bosque que lle dá a razón de ser. Todo empezou en 1977 cando decidimos impulsar unha actividade extraescolar denominada "Aula Verde" na antiga Universidade Laboral de Ourense.

Nunha primeira fase logramos sensibilizar ós alumnos e alumnas na conservación da natureza, especializándonos na rehabilitación de fauna silvestre. Para esta actividade mantiñamos unha estreita relación coa xefatura provincial do Icona.

O terceiro posto acadado na fase nacional do "Premio Holanda" recoñeceu o labor conservacionista dos alumnos en favor das aves de presa, polo que a partir de aquí a mellora nos hábitos das especies protexidas sería o norte das actuacións, comprendendo que a mellor maneira de aumentar o espazo vital da fauna silvestre sería restaurar os montes que desde había anos viñan sufrindo o efecto devastador dos incendios forestais.

En 1988 a "Aula Verde" recibiu o premio nacional, "Ano Europeo de Medio Ambiente", patrocinado por Plus Ultra, que estaba dota-



Lagarta de monte



A pítiga anuncia a salubridade das augas

do con 500.000 pts coas que fomos quen de fundar a Asociación Cultural-Ecolóxica Ridimoas, coa intención de mercar as terras que conforman o escenario forestal ribeirán de Ridimoas.

Desde entón, como xa ten sido referido, a asociación ven mercando unha hectárea de terreo por ano, controlando na actualidade arredor de 500 hectáreas integradas nun ecosistema forestal continuo dunhas 3.000 hectáreas acollidas a figura de protección de Refuxio de Fauna, que constitúen a maior finca de España propiedade dun colectivo ecoloxista.

A demarcación deste espazo natural está delimitada por unha banda pola estrada de Carballeda de Avia e pola outra pola que desde Beade comunica coas terras de Avión por Pena Corneira, e as serras do Suido e o do Faro. Ten como virtude, como rara virtude



Varios membros da asociación nun descanso dos labores de desbroce



Cerca para os cabalos



Aquí apréciase a riqueza cromática do bosque

que non foi afectado por ningunha infraestrutura moderna e polo tanto non conta con vías de comunicación, nin con tendidos de alta tensión, polo que une en plena vexetación o Ribeiro coa montaña, de norte a suroeste.

Das 500 hectáreas propiedade da asociación, 100 hectáreas teñen a categoría de vedado de caza do Tecor societario "Comeira de Avia" e o resto contan coa clasificación de refuxio de fauna, sendo moi probablemente, polo tanto, a finca de maior extensión coa que conta un grupo ecoloxista de todo o Estado español.

A Superficie media de cada propiedade que se ven mercando é duns 1.000 metros cadrados e, despois de tantos anos de labor, afortunadamente, agora xa empezou a xerarse a dinámica de que os propios veciños son os que ofrecen as súas parcelas para que sexan mercadas pola asociación.

A superficie media de cada propiedade que adoitan mercar é duns 1.000 metros cadrados

O bosque está cruzado polo linde norte, polo regato de Caldelas, situado entre Leiro e Beade. Un regato este, que vedado á pesca dende hai 10 anos.

Entre os conxuntos naturais máis salientables cos que conta o bosque, atópase o último abeledo (*Corylus avellana*) puro que queda no Ribeiro de Avia, que foi mercado seguindo unha proposta da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago. E sobre todo a denominada cerdeira de racimo (*Prunus padus*), que constitúe a xoia botánica do bosque, pois é unha reliquia das glaciacións. Esta cerdeira consérvase na rega central do bosque, en zona umbría de exposición norte, onde as xeadas de inverno son permanentes. É unha das árbores máis raras do Estado Español, pois posiblemente non cheguen ós 50 pés en todo o territorio nacional. Actualmente, catro retoños procedentes do exemplar de Ridimoas vexetan con éxito no parque natural do Invernadeiro.

Outras especies botánicas que poboa o bosque con as carballeiras de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* con sobosque de rascacú (*Ruscus aculeatus*), os érbedo (*Arbutus unedo*), así como distintas especies de fentos, etc. Actualmente, a Universidade de Vigo está desenvolvendo nel unha tese de doutoramento sobre as mimosas (*Acacia dealbata*), co fin de estudar cómo pórle remedio a unha das chagas máis ameazantes coas que se está vendo afectado o bosque tradicional galego.